

Curso de depuración autónoma de augas residuais

Nun territorio cunha estrutura de asentamentos moi dispersa como o galego, a dotación de infraestruturas e redes de servizos a todos os núcleos de poboación resulta pouco viable. Así, en moitas ocasións, faise necesario resolver dun xeito autónomo o intercambio co medio dos fluxos (auga, enerxía, residuos) que implica o metabolismo das edificacións. En concreto, a xestión das augas residuais convértese nun imperativo na meirande parte das intervencións no rural e en moitas das áreas suburbanas, por mor da inexistencia dunha rede municipal de saneamento.

Nestes casos, atopámonos co reto de propoñer unha solución cun nivel de

depuración das augas que minimize o impacto sobre o medio, axustada en termos de custo e recursos, e capaz de superar o trámite administrativo de autorización de vertido atendendo á normativa vixente.

Por isto, dende Hábitat Social (www.habitatsocial.coop), propoñemos un curso que afonde no tema e achegue o coñecemento necesario (principios, tecnoloxías, normativa, custos, etc.) para que proxectistas e usuarios dispoñamos das ferramentas suficientes á hora de escoller o sistema idóneo de depuración para unha edificación (ou pequeno grupo delas).

Data e lugar: 26 e 27 de xaneiro, de 16:00 a 20:30 h na Casa da Fariña (Pza. Azcárraga 6, A Coruña)

Imparte: Javier Santiago Díaz, (tp3 Enxeñería Natural)

Prezo: 40 €/30 € tarifa reducida (socias de Espiga, estudantes, pronto pago)

Programa e máis info en: habitatsocial.coop/novas